

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia COTSG quere mostrar o seu apoio ás Traballadoras e Traballadores Sociais dos Servizos Sociais Comunitarios, que veñen de facer público un escrito para visibilizar a situación que viven actualmente no desempeño da súa profesión.

Con este comunicado queremos expresar que compartimos as reivindicacións que fan no citado escrito e mostramos a nosa preocupación pola realidade que estamos a vivir. O Colexio vén traballando dende fai anos en distintos espazos para realizar un cambio no sistema, xa que é evidente a sobrecarga laboral, as ratios insuficientes e o deterioro onde está situado o sistema público de Servizos Sociais, fundamentalmente no eido comunitario.

Todo isto afecta gravemente á saúde das nosas compañeiras e compañeiros e por suposto á perda da nosa esencia e calidade na atención.

Como Colexio profesional defendemos un sistema de servizos públicos de calidade e calidez, onde a nosa profesión teña o recoñecemento que se merece, por ser a profesión que vertebra o sistema de Servizos Sociais avogamos polo necesario cambio de modelo de atención no sistema, proposta abandeirada pola profesión a través de toda a rede colexial e o propio Consejo General del Trabajo Social.

Necesitamos participar de forma activa na elaboración de políticas sociais, tanto no deseño como na avaliación. Dende o Colexio presentamos propostas que tornen en cambios no sistema de Servizos Sociais que entronca con outras políticas transversais e sistemas públicos de protección social.

Avogamos pola defensa da nosa profesión, da cidadanía e dos seus dereitos e necesidades e por un sistema público no ámbito dos comunitarios que volva á súa función esencial, acompañando ás persoas, facendo traballo comunitario, preventivo e intervención social con grupos e comunidades.

Os profesionais de Traballo Social dos Servizos Sociais Comunitarios requiren do apoio e respecto da cidadanía. Traballan día a día para dar un servizo de calidade en situacións adversas.

Dende o **Colexio Oficial de Traballo Social** queremos transmitir o noso apoio e seguiremos traballando, como ata agora fixemos, na consolidación dun sistema de Servizos Sociais públicos, onde o Traballador/a Social é o referente e onde retorne ás súas funcións esenciais, cun modelo de atención social que non nos sitúe como xestores, senón como motores de cambio social .

Agardamos que as administracións públicas escoiten as demandas.



T. 981 568 100_F. 981 941 898
www.traballosocial.gal
info@traballosocial.gal

Miriam Rodríguez Sierra

Presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia